

Polideportivo

DOMINGO 15 SETEMBRO
ENCONTRO COPA GALICIA
PAVILLÓN MUNICIPAL - 17:30 H



DYC BREOGÁN



COREN OURENSE



**LECHE RÍO
BREOGÁN**

VS



**CLUB BALONCESTO
OURENSE**

ORGANIZACIÓN



ENTRADA 5 €
 á venda en axsc.es

ANIMACIÓN



TENIS

Open de Tenis Club Fluvial Lugo

O Club Fluvial acolle esta fin de semana as semifinais e final do Open de Tenis Fluvial de Lugo, unha proba do circuito IPB Uniuerso Tennis Series que reuniu en Lugo uns 70 xogadores de todo o Estado

HÍPICA

Torneo Cidade de Viveiro

O campo de fútbol de Celeiro acolle mañá esta cita, que incluíra carreiras de diferentes modalidades hípcas. Durante a xornada disputarase a final do Campionato Galego de Andadura individual e por equipos.

Partidos destacados

HOXE FÚTBOL SALA
 16:45h 1ª DIVISIÓN FEMININA, Burela FS - Poio

HOXE FÚTBOL BASE
 16:30h DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL, CD Lugo - Avilés

MAÑÁ FÚTBOL
 18:00h TERCEIRA DIVISIÓN, RC Villalbés - Arzua

MAÑÁ FÚTBOL
 20:00h SEGUNDA DIVISIÓN, CD Lugo - Fuenlabrada

ATLETISMO

Media Maraton Ribadeo - As Catedrais

Esta tarde celébrase a sexta edición da carreira, cun percorrido de 21 quilómetros. As corredoras e corredores saíran ás 17.30 horas da casa consistorial e realizarán os primeiros metros nun traxecto urbano



FÚTBOL SALA



Hoxe. Burela BURELA FS-POIO

Ainda coa mel nos beizos tras sumar ao seu palmarés a Supercopa de España ante o Futsi Atlético Navalcarnero a pasada fin de semana, o Pescados Rubén Burela FS comeza esta tarde a Liga de Primeira División Feminina. As laranxas enfrontáanse ao Poio ás 16:15 horas en Vista Alegre. Ás 20:30 horas será a quenda do equipo masculino, que volve a Primeira División despois de lograr o ascenso a pasada temporada. A primeira proba para o equipo mariño será fronte ao Santa Coloma.

Ao longo da fin de semana, poñeranse en marcha outras competicións estatais e galegas con representación de equipos lucenses, Segunda División B e Preferente masculina e feminina. Tamén rodará xa o balón para os equipos de base das categorías xuvenil, cadete e infantil.

COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F.	Burela FS	Poio	Vista Alegre	Hoxe, 16:15h
1ª Div. M.	Burela FS	Sta. Coloma	Vista Alegre	Hoxe, 20:30h
2ª Div. B. M.	C. Narón	Prone Lugo	A Gándara	Hoxe, 17:00h
2ª Div. B. M.	Xove	Albense	PM Xove	Hoxe, 18:15h
Preferente M.	Rábade FS	Os Meigallos	P. M. Rábade	Mañá, 17:00h
Preferente M.	Villa de Cee	Castroverde	P. M. Cee	Mañá, 12:00h
Preferente M.	Pontedeume	Quiroga FS	A Casqueira	Hoxe, 19:00h
Preferente M.	Begonte	Casás	PM Begonte	Hoxe, 20:00h
Preferente M.	C. del Mar	Guitiriz	San Amaro	Hoxe, 20:00h
Preferente F.	Vilalba FS	C. Pontevedra	PM Vilalba	Mañá, 16:00h
Aut. Xuv. M.	Vilalba FS	Os Meigallos	PM Vilalba	Mañá, 12:00h
Aut. Xuv. M.	Begonte	IES Coruxo	PM Begonte	Hoxe, 17:00h
Aut. Xuv. M.	Carballiño	Ribeira FS	Paco Chao	Hoxe, 18:45h
Aut. Cad. M.	Burela FS	Guitiriz	Vista Alegre	Hoxe, 17:00h
Aut. Cad. M.	Ribeira FS	Culleredo	PM Rábade	Mañá, 19:00h
Aut. Cad. M.	O Parrulo	Casás	A Malata	Mañá, 16:30h
Aut. Cad. M.	Os Meigallos	Lugo Sala	O Chanto	Hoxe, 16:00h
Aut. Inf. M.	Burela FS	Guitiriz	Vista Alegre	Venres, 20:30h
Aut. Inf. M.	Ribeira FS	Betanzos	O Palomar	Hoxe, 18:00h
Aut. Inf. M.	O Parrulo	Lumieira Pir.	A Malata	Mañá, 19:30h
Aut. Inf. M.	Os Meigallos	Lugo Sala	O Chanto	Hoxe, 18:00h

Hoxe. Barreiros TORNEO PRAIAS DE BARREIROS

O Praias de Barreiros de fútbol sala feminino organiza a primeira edición do torneo, que servirá tamén de presentación oficial do conxunto de Modesto Veiga ante a súa afección. Ademais do equipo local, entrarán en liza o Concello de Begonte, Liders Futsal e o ADC Burela Pescados Rubén, todos competirán esta tempada na Primeira Galicia Senior Feminina de Lugo.

Praias de Barreiros e ADC Burela Pescados Rubén disputarán a primeira eliminatoria, ás 16:00 horas. Concello de Begonte e Liders Futsal mediránse a partir das 17:00 horas. As gañadoras xogarán a final ás 20:00 horas.



GOLF

Hoxe. Lugo OPEN MURALLA DE LUGO

Ao longo da xornada celébrase a cuarta e penúltima proba do Open de Golf Muralla, que se vén celebrando desde o mes de maio. Xógase baixo a modalidade stableford individual nun recorrido de 18 buracos. A derradeira cita do circuito lucense, que cumpre cinco edicións, está prevista para o vindeiro 25 de outubro.



PÁDEL

Hoxe e mañá. Outeiro de Rei CHALLENGER OUTEIRO DE REI

Desde o pasado domingo, as instalacións do Centro Deportivo D10 de Outeiro de Rei acollen o primeiro Challenger do World Padel Tour en España, unha cita que reúne a algunhas das figuras do ránking internacional como Federico Chingotto, Juan Tello, Luciano Capra, Ramiro Moyano, Sebastián Nerone ou o coruñés Martín Sánchez Piñeiro.

Tras a disputa das fases previas e as primeiras eliminatorias, esta fin de semana chega o desenlace do torneo, coa disputa das semifinais, prevista para esta xornada, e a final, que decidirá mañá a mellor parella do campionato.



TENIS

Hoxe e mañá. Lugo OPEN DE TENIS FLUVIAL DE LUGO

O Club Fluvial acolle esta fin de semana as semifinais e final do Open de Tenis Fluvial de Lugo, unha proba do circuito IPB Uniuuso Tennis Series que reuniu en Lugo uns 70 xogadores de todo o Estado, entre eles, os dous cabeza de serie, o madrileño Ricardo Villacorta, actual subcampeón do torneo, e o vallisoletano Jorge Hernando. Jesús Bouza e Noel Villarabide foron os representantes lucenses no torneo que chega ao desenlace despois de case dúas semanas desde o inicio da competición, que arrancou o pasado 2 de setembro coas fases previas.

As semifinais xóganse esta tarde, ás 17:30 h. e 19:00 horas. O horario da final, que se disputa mañá, está por determinar. A entrada ás pistas do Fluvial para seguir os partidos é gratuítu.



HÍPICA

Mañá. Celeiro TORNEO CIDADE DE VIVEIRO

O campo de fútbol de Celeiro acolle mañá o torneo Cidade de Viveiro, que incluírá carreiras de diferentes modalidades hípicas. Durante a xornada, organizada pola Asociación Cabaleiros do Landro e a Federación Galega de Hípica, disputarase a final do Campionato Galego de Andadura individual e por equipos.

Tamén se celebrarán probas de andadura libre serrada, andadura libre chapeada e a galope, ademais de carreiras de pura raza árabe de pura sangre inglés.



CICLISMO



Hoxe. Viveiro XIRA CICLOTURISTA CONCELLO DE VIVEIRO

A Peña Ciclista Lar celebra hoxe a 32 edición da Xira Cicloturista Concello de Viveiro, que conta cun percorrido de 72 quilómetros con meta no mítico monte de San Roque, un porto duns 3.800 metros de lonxitude e unha pendente media do 9 por cento.

A proba, que cada ano varía o percorrido para dar a coñecer os concellos da Mariña, centrarase este ano nos concellos de Viveiro e O Vicedo. A saída está prevista para as 15:00 horas na Praza Maior de Viveiro. Os participantes deberán recoller os seus dorsais no pavillón Antonio Tarrío entre as 13:00 e as 14:45 horas.

Os organizadores doarán un euro de cada inscrición á asociación Debra, que reúne a persoas afectadas pola enfermidade coñecida como pel de bolboreta.

Hoxe. Castro Riberas de Lea MINI BTT

O club BTT de Castro convocou unha nova edición do Mini BTT, que se desenvolverá esta tarde a partir das 16.00 horas na Carballeira co obxectivo de repetir o éxito acadado o ano pasado. Trátase dunha cita lúdica aberta á participación de todas as nenas e nenos que se inscribisen previamente. Habrá diferentes circuitos con xincanas para todas as idades. Todos eles terá o seu propio dorsal, ademais de merendas, regalos e máis sorpresas.



PETANCA

Mañá. Lugo TORNEO DE PETANCA

Coincidindo coas festas do barrio da Milagrosa, o Club de Petanca de Lugo organiza un torneo de petanca que reunirá setenta e dous xogadores de vinteacoto equipos chegados de distintos puntos do norte da Península, desde Ribadeo ou Monterroso ata localidades de Asturias ou Cantabria.

O campionato disputarase no parque da Milagrosa, onde ademais das catro pistas permanentes se habilitarán outras oito. Cada equipo está formado por tres xogadores.



PIRAGUISMO

Hoxe. O Barco de Valdeorras
DESCENSO DO SIL

Padexeiros e padexeiros dos clubs de piraguismo Cidade de Lugo e Fluvial de Lugo participan esta tarde no Descenso do Sil, que reunirá deportistas das categorías cadete, xuvenil, sénior e veterano, tanto masculinas como femininas. A saída das embarcacións, C-1, C-2, K-1 e K-2, comeza ás 18:00 horas.



ATLETISMO



Hoxe. Ribadeo
MEDIA MARATON RIBADEO-AS CATEDRAIS

Esta tarde celébrase a sexta edición da carreira, cun percorrido de 21 quilómetros entre a localidade de Ribadeo e a praia das Catedrais. As corredoras e corredores saíran ás 17.30 horas da casa consistorial e realizarán os primeiros metros nun traxecto urbano pola vila, dirixíndose despois ao emblemático areal pola ruta das praias.

Unhas 800 persoas inscribíronse para participar na proba, aberta á participación de corredores e corredoras a partir dos 16 anos. Entregaranse medallas aos tres primeiros de cada categoría e trofeos ao participante máis novo e ao máis veterano. Todas as persoas que cheguen á meta recibirán unha camiseta conmemorativa.

Hoxe. Chantada
ADESTRAMENTO WOLF SURVIVAL RACE CHANTADA

As persoas inscristas na carreira de obstáculos que se celebrará a vindeira fin de semana na contorna do río Asma, no concello de Chantada, poden participar esta mañá nunha sesión preparatoria de alto nivel dirixida polo campión de España da modalidade, o atleta de Vimianzo Damián Espasandín. O punto de encontro para o adestramento será na zona das piscinas de Chantada a partir das 11:00 horas.



BALONCESTO



COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Copa Galicia	CB Breogán	Ourense	P. Municipal	Mañá 17:30h
EBA	Estudiantes	Chantada	Pazo	Mércores 22:00h
1ª Júnior M.	Silgatec	Estudiantes	Vilagarcía	Xoves 20:00h
2ª Junior M.	Ensino	Seis do Nadal	Anexo	Hoxe 12:00h
2ª Junior M.	Viveiro	Novobásket	Viveiro	Hoxe 12:00h
1ª Júnior F.	Ensino	Estudiantes	Anexo	Mércores 20:15h
2ª Cadete M.	Ribadeo	Ourense	Ribadeo	Mañá 12:00h
2ª Cadete M.	Blanco Amor	Ensino	Ourense	Mañá 17:00h
2ª Cadete F.	B. Coruña	Burela	Riazor	Mañá 12:00h
2ª Infantil F.	Cambados	Burela	Cambados	Hoxe 18:00h



FÚTBOL

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª División	CD Lugo	Fuenlabrada	Anxo Carro	Mañá 20:00h
3ª División	RC Villalbés	CSD Arzua	A Magdalena	Mañá 18:00h
3ª División	Polvorín FC	Ourense CF	A Cheda	Mañá 18:00h
1ª Fem. B Norte	Seagull	PM Friol A	Badalona	Hoxe 13:00h
1ª Fem. Galega	PM Friol B	Boiro	A Reigosa	Mañá 17:30h
1ª Fem. Galega	Victoria B	Antas	Leyma	Mañá 12:15h
Preferente	Laracha CF	Ribadeo FC	M. Laracha	Mañá 18:00h
Preferente	Club Lemos	SD Fisterra	A Pinguela	Mañá 18:00h
Preferente	Montañeros	Viveiro CF	A Grela	Mañá 18:00h
Preferente	Sarriana	Dubra	A Ribela	Mañá 18:00h
Preferente	Laracha CF	Ribadeo FC	M. Laracha	Mañá 18:00h
Preferente	Club Lemos	SD Fisterra	A Pinguela	Mañá 18:00h
Preferente	Montañeros	Viveiro CF	A Grela	Mañá 18:00h
Preferente	Sarriana	Dubra	A Ribela	Mañá 18:00h
1ª Autonómica	Pol	Escalón	Manuel Luna	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Monterroso	San Roque	Cerdeiriños	Mañá 18:30h
1ª Autonómica	Chantada Atl.	Guntín	Sangoñedo	Mañá 18:00h
1ª Autonómica	Castro	Pastoricense	Arturo Pereiro	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Friol A	Folgueiro	A Reigosa	Mañá 12:00h
1ª Autonómica	Taboada	Outeiro Rei	A Medela	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Riotorto	Chantada	A Veiga	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Lourenzà	Burela	Santa Cruz	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Santaballés	Xove Lago	A Liga	Mañá 17:00h
2ª Autonómica N.	Cospeito	Goiriz	A Fonte	Mañá 18:00h
2ª Autonómica N.	Meira	Xermade	A Lomba	Mañá 17:00h
2ª Autonómica N.	Pontenova	Roupar	A Mina	Hoxe 18:00h
2ª Autonómica N.	San Ciprián	Alfoz	A Veiga	Hoxe 18:30h
2ª Autonómica N.	Abadín	Guitiriz	Abadín	Mañá 18:30h
2ª Autonómica N.	Mondoñedo	Cabreiros	Viñas da Veiga	Hoxe 18:00h
2ª Autonómica N.	Candelaria	Barreiros	A Granda	Hoxe 17:00h
2ª Autonómica N.	Iberia	Muimenta	As Valgas	Mañá 17:00h
2ª Autonómica S.	Becerreá	Páramo	Becerreá	Mañá 17:00h
2ª Autonómica S.	Palas	Río Sil	Os Chacotes	Mañá 18:00h
2ª Autonómica S.	Chantada B	Bóveda	Sangoñedo	Hoxe 16:30h
2ª Autonómica S.	Santa Comba	Brollón	Terras Novo	Mañá 17:00h
2ª Autonómica S.	San Lázaro	Ferreira	A Ponte	Hoxe 17:00h
2ª Autonómica S.	Corgo	Paradela	O Corgo	Hoxe 17:00h
2ª Autonómica S.	Quiroga	Oural	Quiroga	Mañá 18:30h
2ª Autonómica S.	Incio	Portomarin	Carboeiro	Hoxe 18:00h



FÚTBOL VETERANOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Local	Ferrovial	Bar Isa	Frigsa	Mércores
DH Local	Fráin	Comercial	A Cheda	Hoxe 20:15h
DH Local	Peñarol	As Gándaras	Gándaras	Mañá 12:00h
DH Local	Outeiro de Rei	Bretaña	Outeiro	Hoxe 18:00h
DH Local	Residencia	Hotel Prados	A Cheda	Mañá 18:15h
DH Local	San Roque	Garabolos	Gándaras	Mañá 10:00h
DH Local	PV Montajes	O Picato	Gándaras	Mañá 12:00h
DH Local	Albeiros	Milagrosa	Gándaras	Mañá 10:00h
DH Provincial	Castro	Taboada	Arturo Pereiro	Hoxe 18:00h
DH Provincial	A Canteira	Gaiosio	A Canteira	Hoxe 18:30h
DH Provincial	Parga	Abadínense	Parga	Mañá 12:30h
DH Provincial	Sarria	Trasnos	A Ribela	Hoxe 17:00h
DH Provincial	Becerreá FV	Sarriana FV	Becerreá	Hoxe 17:30h
DH Provincial	Pastoricense	Friol	O Acebreiro	Hoxe 18:00h
DH Provincial	Monterroso	Illán	Cerdeiriños	Mañá 11:30h
DH Provincial	Guntín	Pol	Ladrio	Hoxe 18:00h
1ª Provincial	Palas	Momán	Os Chacotes	Hoxe 18:00h
1ª Provincial	Lambruxos	Terra Chá	A Ribela	Hoxe 19:00h
1ª Provincial	CD Rábade	Rabadense	A Fonte	Hoxe 18:00h
1ª Provincial	Codesido	Pontenova	Casanova	Mañá 11:30h
1ª Provincial	Cospeito	Albense	A Fonte	Mañá 11:30h



FÚTBOL BASE

Hoxe 16:30 Campo Municipal A Cheda
División de Honra Xuvenil

Trala xornada inaugural disputada a pasada fin de semana, os representantes lucenses de categorías superiores afrontan a segunda na que o CD Lugo recibe ao Real Avilés na máxima categoría, a División de Honra xuvenil, en busca da súa segunda vitoria.



COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Xuvenil	CD Lugo	Avilés	A Cheda	Hoxe 16:30h
N. Xuvenil	RC Villalbés	Pabellón O.	Roca	Mañá 12:00h
N. Xuvenil	Alondras	CD Lugo	Cangas	Hoxe 16:30h
Galega Xuvenil	Montañeros	Viveiro	A Grela	Hoxe 16:00h
Galega Xuvenil	Residencia	G. Caranza	A Cheda	Hoxe 11:45h
Galega Xuvenil	Ural B	RC Villalbés B	A Grela	Hoxe 12:14h
Honra Cadete	Bertamiráns	CD Lugo	Bertamiráns	Hoxe 18:25h
Galega Cadete	Deportivo B	CD Lugo B	Abegondo	Mañá 10:30h
Galega Cadete	Milagrosa	G. Caranza	Frigs	Hoxe 12:00h
Galega Cadete	Montañeros	Viveiro	Leyma	Hoxe 16:00h
Galega Cadete	Ural B	RC Villalbés	Visma	Hoxe 12:30h
Galega Infantil	Deportivo	CD Lugo	Abegondo	Mañá 10:30h
Galega Infantil	San Tirso	Viveiro	San Tirso	Hoxe 12:00h



FÚTBOL BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Infantil Norte	Castro	Viveiro EF	Arturo Pereiro	Martes 18:00h
Infantil Norte	Guitiriz	Foz	Parga	Hoxe 11:30h
Infantil Norte	Ribadeo	Burela	A Devesa	Hoxe 11:30h
Infantil Norte	SD Viveiro B	Rio Ouro	M. Gómez	Hoxe 11:30h
Infantil Norte	Pontenova	Villalbés B	A Mina	Mañá 11:30h
Infantil Centro	RC Villalbés A	Pirigalla B	A Magdalena	Hoxe 11:30h
Infantil Centro	Casás A	Residencia A	Gándaras	Hoxe 12:00h
Infantil Centro	CD Lugo B	Sagrado C.	Gándaras	Hoxe 12:00h
Infantil Centro	Polvorín A	Fonsagrada	Polvorín	Hoxe 12:00h
Infantil Sur	Antas	Ferrovial B	C. Seoane	Hoxe 12:15h
Infantil Sur	Becerreá	Corgo	Becerreá	Hoxe 12:00h
Infantil Sur	Pirigalla A	Polvorín B	Polvorín	Hoxe 10:00h
Infantil Sur	Palas	Sarriana	Os Chacotes	Mércores 18:30h
Cadete Norte	Foz	Viveiro	Foz	Mañá 11:00h
Cadete Norte	Lourenzà	Villalbés B	San Cruz	Mañá 11:00h
Cadete Centro	Polvorín A	Pirigalla A	Polvorín	Mañá 12:00h
Cadete Centro	Castro	Sagrado C.	Arturo Pereiro	Mañá 11:15h
Cadete Centro	Residencia B	Ferrovial	A Cheda	Mañá 12:00h

O BREOGÁN

VOLVE ÁS ORIXES

DESPOIS DE 27 ANOS, o equipo celeste regresa á pista do pavillón Municipal para medirse ao COB Ourense na Copa Galicia



A afección do Breogán prepárase para unha cita que se fixo agardar durante case tres décadas: o equipo volve ao Pazo Municipal dos Deportes. Mañá ás 17:30 horas o conxunto celeste midese ao COB Ourense na pista onde se escribiu unha parte da súa historia. Xóganse os cuartos de final da Copa Galicia. O vencedor en Lugo enfrontarase a Marín Peixegalego, xa clasificado para semifinais, por unha praza na final contra o Obradoiro o vindeiro 22 de setembro.

Máis aló da transcendencia deportiva, o encontro apela a unha nostalxia que mobilizou a seareiros e seareiras desde o primeiro momento. "Desde que o anunciamos chegounos a ilusión da xente. Vendemos cincocentas entradas o primeiro día que as puxemos á venda", explica Rubén Engroba da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón, organizadora do evento.

"Levamos tempo detrás disto, pero non se deron as circunstancias ata este ano, que puidemos adquirir os dereitos desta eliminatoria da Copa Galicia", explica Engroba. A posta en escena invitará a unha viaxe no tempo. "Intentaremos que o ambiente sexa o máis parecido posible ao daqueles tempos, coa xente pegada á pista, un grupo de baile e o himno galego", relatan desde a organización.

O último encontro no Pazo, en 1992

O alento da afección, a carón dos xogadores, foi unha das sinais de identidade do Breogán. Cun aforo de 2.000 persoas, o Municipal convertíase nunha caldeira en cada partido dos celestes. Tamén nos derbis contra o COB Ourense. Entre as últimas emocións vividas nas instalacións municipais está o play off de descenso disputado contra os ourensáns na tempada 1990-1991, do que

os celestes saíron vencedores (3-1). "Ao ano seguinte chegou Perásovic ao Breogán", recorda Rubén Engroba. A mudanza ao Pazo, un recinto máis moderno e con máis aforo, consumouse en setembro de 1992.

Mesas redondas

O encontro ven precedido de dúas mesas redondas nas que, o pasado xoves, algúns dos protagonistas da etapa breoganista no Pazo Municipal inxectaron máis emotividade á cita. Baixo o título "Do Municipal ao Pazo, 30 anos do derbi do Miño", Ricardo Hevia, Tito Díaz, Manuel Sánchez, Christian Díaz e Javier Muñoz, e os xornalistas Alfonso Pardo, Sergio Delpont, Ovidio González, Paco Basanta e Miguel Álvarez repasaron no Vello Cárcere unha parte da historia do club inesquecible para a afección breoganista.